



Letras que confortan

[Luz Darriba](#) xoves 9, xaneiro 2025

Ao rematar unha etapa, como de tantas cousas, facemos balance. Neste caso das lecturas, un dos poucos oasis en tempos humanicidas. **Lecturas houbo moitas, mais imos rescatar aquelas que por unhas razóns ou outras nos salpicaron a pel dentro da pel.**

Comezamos esta viaxe, que nos leva a unha novela e a unha autora de gran singularidade: ***Tirar del hilo*, de Teresa Moure, editada exquisitamente por Txalaparta (2024).** *Tirar del hilo* está escrita en castelán, mais por todas as costuras (esta é unha novela de costuras) deixa ver as pegadas da lingua nai que a impregnan, porque Moure, que non é sospeitosa de non loitar polo galego, transporta onde vai a identidade.

Tirar del hilo levoume de cabeza ao momento no que descubrín as novelas de Elena Ferrante, que tamén respiran identidade, que me levaran sen escalas á miña propia infancia. Hai algo dunha crueldade da tenrura, dunha demanda inesgotábel de explicacións ou xestos que non teñen resposta, dun alarido interior que non acouga. E fixédevos que tamén foi a miña cabeza cara a *Léxico familiar*, de Natalia Guinzburg. E non porque exista unha semellanza directa nas familias (*Léxico* é unha obra autobiográfica) nin porque o inimigo campando fóra fose o fascismo próximo en Italia (a historia da propia Moure e o territorio virtual no que transcorre *Tirar del hilo* foi, durante un tempo, a do franquismo normalizado no Estado español), senón porque a autenticidade que emana desas voces chicas as emparenta.

Tirar del hilo divide a novela en tres partes: A fiandeira, a urdidora, a zurcidora, que presentan a definición (non a do dicionario) coidada e de xénero de cada unha delas dende a súa orixe latina.

Nesta novela, Moure nos propón a vida na voz e na ollada dunha nena. Unha ollada nin neutra nin inocente, non como a da que tira os números da rifa. Unha ollada chea de lucidez e crítica sobre o mundo que a rodea. Elsa, a pequena, xurde no recordo da muller adulta na que se convirte, sen perder ren da súa verdade e frescura.

Elsa describe no que vive e que chama «o xineceo», formado polas tías, a nai, unha súa irmá. Na seguinte frase explica Moure o peso e as características dese espazo cheo de buratos e segredos berrados a voces: «Porque un xineceo pode ter candeados nas portas e muros de pedra; sen embargo, é, por necesidade, un lugar onde as verdades se arrojan á cara». Alí, varias mulleres tentan levar o rumbo das súas vidas, tecedoras, bordadoras, urdidoras en todos os sentidos, condicionadas pola presenza arrepiante e ineludíbel do único home: o pai, marido, irmán, fillo

que todo o subsume. O patriarcado, na súa máis perfecta versión e exhibición de traumas e condenas, rexe a vida de todas elas.

***Tirar del hilo* é, dalgún xeito, recoller os puntos da calceta, as partes que quedaron agochadas polo paso do tempo e a bioloxía; os espazos contaminados que laian redencións e condenas.** A arañeira que constrúe os recordos precisa ser *revisitada*. As mulleres: tecedoras, costureiras, bordadoras, constrúen metáforas de teas de araña polas que se balancear no tempo cal funámbulas.

Elsa fabula de nena coa morte do pai, até fabrica un moneco de vodú para representalo. Mais tamén descobre e aprende que todas e o pai mesmo, son vítimas, de moi distinto xeito e custe, desa cousa tan grande e escura que nos condiciona a todxs: o patriarcado. O pai, odiado e temido, amaba as flores, coidaba amorosamente dun xardín (a tenrura que era incapaz de facer chegar ás próximas) que enchía o ar común de perfumes florais até facelo insoportábel e non compartía con ninguén aquel seu reino.

Elsa lévanos da man a coñecer o valor incondicional da amizade, a importancia de coidar o mundo que nos rodea, a beleza das boas lecturas, unha outra visión da maternidade. E todo iso o fai cunha sinxeleza esmagadora.

Nacemos as mulleres para algunha victoria? Lede *Tirar del hilo*, despexaránsevos as dúbidas todas.

A outra lectura das que vos falo hoxe é *Gaivotas manchadas de petróleo*, de Abraham Pérez (Menino Morreu, 2024, colección Buraco Negro). Un pequeno libro deses que non queres que remate. Abraham Pérez (Lugo, 1990) é un autor moi novo que coida moitísimo a súa produción, cunha consciencia de traballo bastante desusada nesta época, «*onde os mitos desfanse nas mans*».

Eu lera un seu poemario Fragmento/Creba (Galaxia, 2020) e unha das súas novelas O paso en falso (Galaxia, 2023), que chegou a finalista dun premio. Non me guió moito polos premios, porque xa sabemos máis ou menos como *cocen esas fabas*, mais, neste caso, a obra respiraba unha autenticidade que tamén caeu en desuso, por desgraza.

Gaivotas manchadas de petróleo é un libro sorprendente e son consciente do peso que ten o adxectivo. É un libro ao que é difícil meterlle unha lapela. Non encaixa nas definicións habituais. É ensaio, mais non é, son aforismos, mais non o son; ten algo de crónica sen tempo atribuído, de diario, mais non é crónica nin diario; non poderíamos dicir que é novela nin poesía, aínda que un algo delas se filtre nos pequenos parágrafos que te levan en vilo aos seguintes; son reflexións filosóficas, mais non é un libro de filosofía. O libro é un corpo vivo que procura non caber en ningún espazo coñecido, que prefire a aventura, ou desventura, da proba, do ensaio, da incerteza. Un libro cheo de referencias a outrxs autores, ao cinema, á filosofía, á contemporaneidade e ao pasado.

Unhas especias de pímulas que van intelixentemente dirixidas. Grolos que che van deixando sen acougo ou dando voltas no ar. Anacos de historias que se negan a nacer e ser historias coma todas, que reclaman esa atención de boa lectura que hai que lle dar a aquilo que se bosquexa dende un interior que está posto a proba polo propio autor, na súa ansia de respectar os materiais que utiliza.

Tamén aquí hai unha coidada edición que axuda a dixerir a derrota. Unha derrota que, tal como o fai Abraham Pérez, é necesario asumir para saírmos da poxa, para atravesarmos os limiares da

inconsciencia e a banalidade colectivas. Di, Abraham Pérez: *«Escribir e ler son actos de resistencia nas sociedades industriais e posindustriais. Aínda máis, son actos que permiten crear sentido, dar sentido á existencia»*.

Hai algo nestas *Gaivotas manchadas de petróleo* que remite a John Berger e o seu xeito diverso de construír os textos, ese modo de ollar dende o cerne mesmo da súa humanidade, algo que, con todas as súas contradicións, nos fai amar a vida.